



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO ITINERANTE EN COMPETENCIAS DIXITAIS, ORIENTADO A FOMENTAR O USO DA TECNOLOXÍA PRIORITARIAMENTE ENTRE O COLECTIVO DE PERSOAS MAIORES NO ÁMBITO RURAL GALEGO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **don Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, (NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, **dona Mercedes Casanova Díaz**, presidenta de Cruz Vermella Española en Galicia, (co-NIF Q2866001G), actuando en nome e representación da citada entidade, con sede na rúa Cruz Roja Española, 1, 15002 A Coruña, en virtude da súa condición de presidenta autonómica da mesma segundo consta na súa acta de nomeamento de data 16 de maio de 2019.

Toda as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec), que modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo. Que Cruz Vermella Española en Galicia (en diante Cruz Vermella) é unha entidade sen ánimo de lucro que establece nos seus estatutos que o seu obxecto e



finalidade é a promoción e colaboración en acción de benestar social e servizos asistenciais e sociais con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultade para a súa integración social.

Terceiro. Que a Xunta de Galicia persegue dotar ao conxunto da cidadanía das competencias dixitais necesarias para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no actual contexto dixital, e para conseguilo, aposta polo desenvolvemento de iniciativas enfocadas na adquisición das habilidades necesarias para que toda a sociedade poida beneficiarse das vantaxes da nova economía dixital, fomentando así a igualdade de oportunidades a través da aplicación dun modelo global e universal de inclusión dixital que permita a calquera persoa avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.

Cuarto. Que o Consello da Xunta aprobou o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030 co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental. E un dos eixos desta estratexia persegue acadar unha sociedade dixital e inclusiva.

Neste sentido, perséguese a posta en marcha de actuacións que poñan especial atención en colectivos en risco de exclusión dixital por ser máis vulnerables á fenda dixital, buscando fomentar a autonomía persoal, o envellecemento activo e a seguridade e confianza na rede mediante o uso das TIC, para vertebrar e cohesionar socialmente as contornas locais, e en especial as zonas rurais respecto ás urbanas.

Quinto. Persequindo este obxectivo de fomentar a autonomía no manexo das TIC e eliminar a fenda dixital, se poñerán en marcha programas formativos para a capacitación dixital da cidadanía poñendo énfase en colectivos en risco de exclusión dixital como son as persoas maiores, as persoas con baixos niveis de renda, de zonas non urbanas ou con baixo nivel educativo.

Sexto. Que o 23 de decembro de 2021 se aprobou en Consello da Xunta de Galicia o Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT desenvolvido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para impulsar a capacitación dixital dos galegos.

O Plan busca asegurar que a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha mellor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables, fomentando a igualdade dixital.

Sétimo. Para levar a cabo este plan, a Amtega conta entre outros recursos coa Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) da Xunta da Galicia, que actualmente forma parte da Estratexia Galicia Dixital 2030 e forma parte do novo Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia, Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, coa misión de conseguir unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás.

A Rede conta coa colaboración de 90 concellos e está integrada por 92 aulas equipadas con tecnoloxía, Internet e sistemas de videoconferencia.





En Galicia hai na actualidade 313 concellos dos cales 244 se identifican con zonas pouco poboadas e destes 184 nos que máis do 50% da poboación segundo a clasificación GU 2016 atópase en conglomerados de menos de 2.000 habitantes.

Isto pon de manifesto, a necesidade de achegar recursos, especialmente no ámbito rural a persoas maiores de cara a mellorar a súa calidade de vida que polas súas características socio demográficas non contan coa formación nin medios persoais e coñecementos necesarios para poder realizar operacións baseadas na tecnoloxía, o que lles xera dependencia de terceiras persoas á hora de realizar as súas xestións cotiás e os priva de autonomía. Así, trátase de acompañalos nesta transición a sociedade dixital para manter e potenciar a súa autonomía e mellorar a súa calidade de vida como cidadanía activa e participativa.

É por iso que se identifica como necesario formar ás persoas maiores, con foco no rural e nas persoas máis vulnerables dentro deste colectivo, no emprego da tecnoloxía e no coñecemento dos dispositivos que son empregados para a realización de trámites dixitais e para accións do seu día a día tan básicas como comunicarse cos seus familiares e amizades.

Formar ao colectivo de persoas maiores na utilización da tecnoloxía fomentará a súa autonomía, o seu envellecemento activo e os fará partícipes da nova sociedade dixital.

Oitavo. Que para acadar o obxectivo marcado de dotar ao conxunto da cidadanía das competencias dixitais necesarias para desenvolverse no actual contexto dixital, ponse en marcha este convenio, que da continuidade á colaboración realizada no pasado 2024 entre a Amtega e Cruz Vermella a través do acordo de colaboración asinado por ambas partes.

Polo tanto, poñendo o foco no colectivo das persoas maiores e na problemática identificada da falta de autonomía deste colectivo en canto ao emprego da tecnoloxía, perséguese poñer en marcha un conxunto de actividades entre as que se atopan:

1. Deseño e execución dun plan de actividades de capacitación dixital e acompañamento tecnolóxico a través dun servizo de aula itinerante, dirixidas a persoas maiores de 55 anos, co obxectivo de realizar 20 accións formativas, chegando, preferiblemente, a 20 localidades durante a vixencia deste convenio.
2. Realización de actividades de capacitación e acompañamento que se realizarán de xeito presencial nas catro provincias galegas, principalmente da entorna rural a través dun servizo itinerante, mediante un vehículo que se desprazará pola xeografía galega.

Estas actividades previstas precisan da colaboración de Cruz Vermella por ser a entidade que conta tanto cos medios materiais e persoais axeitados para desenvolver ás actividades previstas, como cunha dilatada experiencia na formación TIC enfocada nun programa de actividades formativas e de acompañamento tecnolóxico definido para atender as necesidades reais das persoas maiores e testado con moi bos resultados o que permite que calquera maior, independentemente do seu lugar de residencia, poida ter as mesmas oportunidades, ou moi parecidas, daqueles que residen nas grandes cidades. Así mesmo, Cruz Vermella conta con 42 asembleas locais repartidas por toda Galicia e unha rede da





que forman parte en Galicia 15.320 persoas voluntarias e 67.722 socios e socias (segundo últimos datos de agosto 2024), o que lle permite contar con recursos e unha rede por todo o territorio galego, sendo a única entidade que reúne ditas características.

Do mesmo xeito desenvolve programas específicos para maiores na área de sociedade dixital, tales como "Enred@ndo Tour", "Enred@te, rede social para persoas maiores", e programas de envellecemento activo o que a fan idónea para o desenvolvemento desta iniciativa.

É evidente pois, a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación que fomenten a adquisición de competencias dixitais por parte da cidadanía.
- Resolver a problemática identificada entre o colectivo das persoas maiores en canto ao emprego dun modo independente da tecnoloxía para as súas necesidades cotiás.
- Fomentar a autonomía das persoas maiores, con foco no rural e nas persoas en situación de maior vulnerabilidade dentro deste colectivo, apoiándoas e acompañándoas no coñecemento das funcionalidades e servizos que a sociedade dixital pon ao seu alcance, promovendo así a súa autonomía, independencia e o envellecemento activo.
- Difundir e divulgar as vantaxes de contar con competencias dixitais no actual contexto de transformación dixital.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.

Salientar ademais que existe correspondencia entre os obxectivos da Cruz Vermella e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto, considérase de grande interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, a Amtega e Cruz Vermella acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente Convenio de Colaboración entre a Amtega e Cruz Vermella ten por obxecto a realización de actuacións de formación e capacitación dixital e acompañamento tecnolóxico dirixidas especialmente ao colectivo de persoas maiores de 55 anos, sobre todo no ámbito rural galego para formalos na utilización da tecnoloxía e fomentar a súa independencia e autonomía.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030 e contribuirá a acadar os obxectivos establecidos no mesmo, especialmente no eixo estratéxico "Sociedade dixital e inclusiva" e que recolle entre outros, a necesidade de promover as competencias dixitais para non deixar a ninguén atrás.



Segunda. Colectivo beneficiario e obxectivo de participación

O proxecto persegue formar ao colectivo de persoas maiores, con foco naquelas persoas maiores de 55 anos que residen en zonas rurais. Ademais prestarase especial atención ás persoas maiores con deterioro cognitivo, dependentes e en situación de especial vulnerabilidade.

Terceira. Descrición das actuacións

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- 1. Deseño e execución dun plan de actividades de capacitación dixital e acompañamento tecnolóxico a través dun servizo de aula itinerante.** Este programa de actuacións estará dirixido prioritariamente a persoas maiores de 55 anos e realizaranse un total de 20 accións formativas, chegando, preferiblemente, a 20 localidades durante a vixencia deste convenio por medio dunha unidade móbil itinerante que se desprazará a determinadas entidades locais. Na medida do posible, tratarase de levar a cabo un reparto homoxéneo que contribúa a cohesión territorial. Cruz Vermella e Amtega elaborarán en consenso unha planificación das actividades incluíndo datas e localidades, que terá que ser validada pola Amtega.
- 2. Realización de actividades de capacitación e acompañamento tecnolóxico que se desenvolverán mediante tres vertentes:**
 - **Demostrador de tecnoloxías:** tecnoloxías innovadoras e presentes no día a día das persoas: realidade virtual, asistentes virtuais e sistema de intelixencia artificial (IA). O demostrador estará desenvolvido por persoal de Cruz Vermella, e voluntariado da entidade. Realizaranse como máximo 40 horas de demostracións nas 20 accións acordadas.
 - **Obradoiros:** dirixidos a sensibilizar, informar e achegar a tecnoloxía ás persoas destinatarias do programa: ciberseguridade (40 horas), banca dixital e compras seguras na Internet (40 horas). Os obradoiros poderán estar desenvolvidos por persoal de entidades, asociacións etc. que colaboren habitualmente con Cruz Vermella nos programas de capacitación dixital ou outros programas de interese da entidade. Realizaranse como máximo 80 horas de obradoiros no total de accións acordadas.
 - **Apoio dixital puntual:** realizarase en paralelo ás sesións de "Obradoiros" e "Demostrador de tecnoloxías", e ten como obxectivo acompañar ás persoas con 55 e máis anos nas dúbidas e cuestións puntuais que poidan ter en relación co eido dixital. Realizaranse 80 horas de apoio dixital nos Concellos. O apoio dixital estará desenvolvido por persoal de Cruz Vermella, e voluntariado da entidade. Será unha actividade paralela ás actividades principais realizadas, facilitando ademais a achega das persoas potencialmente participantes no programa.

Adicionalmente, realizarase un evento de inauguración ou de clausura da iniciativa nun dos Concellos previamente seleccionados.





No marco desta iniciativa, a Amtega poderá desenvolver outras actividades paralelamente que poidan xerar sinerxías positivas como a de fomento do software libre que desenvolve o Departamento de Innovación Dixital e Intelixencia Artificial-Oficina de Software libre. Neste caso, Cruz Vermella coordinarase para a execución das mesmas.

En cada localización, contarase cun parte de asistencia recollendo os datos das persoas participantes entre os que estarían: DNI e sinatura das persoas asistentes e tamén sería recomendable recoller o nome, apelidos, sexo, idade e concello de residencia. Esta documentación, poñeranse a disposición da Amtega.

Os asistentes ás actividades levarán un agasallo, e se lles entregará o diploma acreditativo da participación no obradoiro e un manual básico de capacitación dixital.

Durante o desenvolvemento das actividades, subministraranse bebidas e aperitivos tanto ás persoas participantes como ao persoal involucrado na execución. Adicionalmente, xestionaranse os permisos necesarios dos concellos ou organismo competente para a instalación do servizo móbil nos puntos elixidos, así como asumir os gastos derivados desta xestión. Este servizo itinerante implicará a posta a disposición dun vehículo rotulado e identificado, que permita o desenvolvemento das actividades de xeito presencial ao longo do territorio galego, así coma todos os medios técnicos necesarios (vehículo, carpa, fondos e rotulacións, cadeiras e mesas, conexión a internet, equipamento etc.)

Tanto os materiais e divulgativos como a rotulación do vehículo, carpas e demais elementos visuais, manterán a denominación da iniciativa "Enred@ndo" de Cruz Vermella e se estarán personalizados cos logotipos e slogan ou denominación do proxecto/actividade facilitados pola Amtega.

Cuarta. Cesión de material

Para o desenvolvemento das actividades indicadas anteriormente procederase á cesión de uso gratuíta de dúas lentes de realidade virtual Meta Oculus Quest 2 durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro de 2025.

A persoa responsable do Cruz Vermella será a encargada de custodiar e garantir a conservación do material cedido pola AMTEGA e da súa devolución nas mesmas condicións que lle foi cedido unha vez rematada o período establecido ou a requirimento da Amtega.

Así mesmo, se compromete a utilizar dito material exclusivamente para as finalidades recollidas no convenio e o seu correcto uso e coidado, reportando de inmediato calquera problema ou dano no material.

A cesión non implicará gastos para as partes, máis alá dos que poidan derivarse do uso propio dos bens cedidos, que serán a cargo da cesionaria.

Quinta. Calendario de execución



As actuacións formativas a celebrar no seo do proxecto deberán ser executadas entre o 1 de abril e o 30 de setembro de 2025.

Sexta. Obrigas da Cruz Vermella

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a Cruz Vermella Española en Galicia estará obrigada a:

- Realizar, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Colaborar activamente coa Amtega nas actividades que esta desenvolva e nas que se poidan xerar sinerxias positivas como a de fomento do software libre que desenvolve o Departamento de Innovación Dixital e Intelixencia Artificial- Oficina de Software libre.
- Xestionar e obter tódolos permisos necesarios dos concellos ou organismo competente para a instalación do servizo móbil nos puntos elixidos, asumindo tódolos gastos derivados desta xestión.
- Garantir a accesibilidade. O conxunto das actuacións e actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio estarán abertas á participación de toda a cidadanía, sendo responsable Cruz Vermella de garantir a accesibilidade das mesmas.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da lei 9/2007 dqqe subvencións de Galicia.
- En relación coa cesión prevista na cláusula cuarta, Cruz Vermella obrígase a destinar o equipamento cedido aos fins que xustifican a dita cesión e que especifican nesa cláusula.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Amtega, incluíndo os informes e xustificacións de actuacións e de gasto das actividades realizadas.
- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula vixésimo primeira relativa a Dereitos de explotación e propiedade intelectual baixo licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).
- Facer figurar á Amtega como colaboradora do proxecto de acordo co establecido na cláusula décimo sexta, na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Amtega co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.





- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Cruz Vermella comprométese a xustificar ante a Amtega todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Doutra banda, Cruz Vermella presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante a declaración responsable do seu representante legal.
- Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.
- Non obstante o anterior, Cruz Vermella poderá revogar expresamente o dito consentimento en calquera momento.

Sétima. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación do convenio.

Serán subvencionables os gastos de persoal, xerados directamente no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio e na medida que sexan xustificados. Inclúense os gastos de servizos prestados por persoal externo, contratacións e subcontratacións, así como gastos de viaxes, desprazamento, aloxamento e manutención.

Os custos tales como, consumibles, avituallamento, permisos, conexión a internet, cartelería, produtos promocionais, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola Cruz Vermella á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade obxecto do convenio ou a súa preparación previa.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.



Os gastos xerais da Cruz Vermella vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula terceira poderán imputarse con cargo ao presente convenio, ata un límite do 10% do total da subvención establecida nesta cláusula.

O desenvolvemento das actividades contempladas ao abeiro do presente convenio, non suporán un beneficio económico para a Cruz Vermella. Do mesmo xeito, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

Proxecto	Importe
Programa formativo itinerante en competencias dixitais	30.000€
TOTAL:	30.000€

Oitava. Dirección, medios humanos e materiais

Cruz Vermella, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia, á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

Novena. Orzamento e obrigas da Amtega

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de TRINTA MIL EUROS (30.000 €), con cargo á partida orzamentaria 10.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O financiamento das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Durante a execución do Convenio a Amtega asumirá as seguintes obrigas:

- Aprobárase previamente a programación de actividades e as localizacións nas que se levarán a cabo as actuacións.
- Validará a liña gráfica do material promocional que se elabore.
- Apoiará á Cruz Vermella no proceso de divulgación das actividades.
- Para os efectos da actuación prevista na cláusula cuarta, a Amtega obrígase á cesión gratuíta do equipamento ao que esa cláusula se refire, de conformidade co disposto nos artigos 145 e concordantes da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, e de conformidade co punto 7 do dito artigo, obrígase a verificar a aplicación dos bens aos fins para os que son cedidos.

Décima. Xustificación

A Cruz Vermella presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o 31 de outubro de 2025 e presentarase a seguinte documentación xustificativa, a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Solicitud de libramento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables na súa execución.
- Relación dos datos (NIF, tramo de idade e concello de residencia) das persoas beneficiarias do proxecto.
- Partes de asistencia ás accións formativas presenciais que inclúan, cando menos, o DNI e a sinatura das persoas beneficiarias sendo recomendable recoller tamén o nome, apelidos, sexo, idade e concello de residencia.
- Copia dos diplomas de aproveitamento emitidos que reflectan as horas de formación recibidas por cada persoa beneficiaria, que incluírán os logos e denominación que serán facilitados pola Amtega.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. Esta relación presentarase en formato PDF e así mesmo nun formato de folla de cálculo ODS de LibreOffice, para facilitar a súa revisión.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre





- o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financia a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, e na que conste a razón social e o NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
 - Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
 - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
 - Entregar cubertas as táboas de recompilación de datos que aparecen recollidas no Anexo I do presente convenio.
 - Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Amtega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Décimo primeira. Pagamento

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 la Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o **31 de agosto de 2025**.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En relación co réxime xeral de garantías, Cruz Vermella Española é unha entidade sen ánimo de lucro que establece nos seus estatutos que o seu obxecto e finalidade "é a promoción e colaboración en acción de benestar social e servizos asistenciais e



sociais con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultade para a súa integración social." Por este motivo, é de aplicación o artigo 65.4 h) do Decreto 11/2009, no que se establece a exoneración da constitución da garantía a entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social ou cooperación internacional.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Amtega e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo segunda. Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

Décimo terceira. Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.



Décimo cuarta. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración Xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo quinta. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Décimo sexta. Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega e dous representantes da Cruz Vermella, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Amtega, a persoa titular da súa Dirección, ou persoa na que delegue, e a persoa titular da Dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Pola Cruz Vermella, a persoa titular da súa presidencia e a persoa titular da súa secretaría, ou persoas nas que deleguen.





Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en todas as ocasións que se estimen oportunas.

Décimo sétima. Publicidade

A Cruz Vermella consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así como tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. En caso de incumprimento desta obriga, estarase ao disposto no punto 4 do artigo citado.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes autorizan/consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo oitava. Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

En relación coa cesión de bens prevista na cláusula cuarta, resolverase en caso de incumprimento por parte da cesionaria das finalidades que a xustifican, revertindo os bens á Amtega.

Décimo novena. Modificación da concesión

1. No caso de alteración das condicións tidas en conta neste convenio, poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

2. Así mesmo, cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido





específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, as partes poderán acordar a modificación do convenio a través da formalización da correspondente Addenda, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Vixésimo. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Amtega.

Vixésimo primeira. Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.2), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Amtega ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver todas as dúbidas que surdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Vixésimo segunda. Dereitos de explotación e propiedade intelectual

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición pública con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartir Igual (CC-BY-SA).

A Cruz Vermella debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

A Cruz Vermella deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.



De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición pública cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

A Cruz Vermella resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Amtega.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Vixésimo terceira. Protección de datos persoais

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos dos asinantes é o cumprimento dunha misión de interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento





administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dosdereitos>.

Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que Cruz Vermella ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos segundo se recolle en dpo@cruzroja.es.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDP respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

1. Tratamento de datos persoais facilitados por Cruz Vermella para a verificación das actuacións descritas no Convenio

A base lexitimadora para o tratamento dos datos persoais facilitados por Cruz Vermella á Amtega para o seguimento do Programa e a xustificación dos correspondentes gastos relativos ás actuacións que constitúen o obxecto do convenio, será o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha obrigaón legal, fundamentadas ambas no disposto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os datos poderán ser comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento. Así mesmo, os datos poderanse comunicar ás administracións estatais e europeas con competencia na materia.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento segundo se explicita en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Contacto Delegado/a de Protección de Datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Cruz Vermella obrígase a informar ás persoas interesadas, con carácter previo, da comunicación dos datos á Amtega ou para calquera outras entidades segundo o determine, así como da finalidade destas comunicacións.

2. Deber da confidencialidade das partes





Sen prexuízo do disposto na cláusula oitava deste convenio, as partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas nel;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

Vixésimo cuarta. Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexerese especialmente por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.





E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia
Julián Cerviño Iglesia

A presidenta da Cruz Vermella España
en Galicia

Mercedes Casanova Díaz

ANEXO I

INDICADORES A REPORTAR EN RELACIÓN AO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO CONVENIO:

Indicador	Valor acadado
Nº total de asistentes ás sesións de formación	
Nº total de sesións realizadas (co detalle da data e lugar de celebración)	
Nº de publicacións de difusión elaboradas	
Nº de accións presenciais de comunicación levadas a cabo	
Nº de accións online de comunicación levadas a cabo	

OUTROS INDICADORES A REPORTAR A EFECTOS ESTADÍSTICOS:

Indicador	Valor acadado
Nº de asistentes por rango de idade, por sexo e por concello de residencia ás sesións formativas	

